

Resolución pola que se xustifica a necesidade de continuar co procedemento de distribución de fondos dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) con cargo á anualidade 2020, no ámbito da submedida 19.4 (gastos correntes e de funcionamento), correspondente á medida 19 (LEADER), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece na súa disposición adicional terceira que *“se suspenden termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.”*

Con posterioridade, publicouse no BOE número 73, do 18 de marzo, o Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo. Entre outras modificacións dáse nova redacción ao número 4 da disposición adicional terceira daquel real decreto. Conforme a redacción vixente, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Neste caso, a necesidade de adxudicación dos fondos correspondentes aos GDR con cargo á anualidade 2020 vén motivada polos feitos seguintes:

- 1- A programación para a medida Leader correspondente ao período 2014-2020 réxese polo disposto nos artigos 32 ao 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre disposicións comúns referidas aos fondos Feader, Feder, Fondo de Cohesión, FSE e FEMP, e polo disposto nos artigos do 42 ao 44 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (en diante, Feader). Os citados artigos regulan o desenvolvemento local participativo a través dos grupos Leader de desenvolvemento rural (en adiante, GDR).



- 2- O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado mediante a Decisión de Execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011) e modificado pola Decisión de Execución da Comisión C (2017) 5420 final, do 26 de xullo de 2017 e a través da Decisión de Execución da Comisión C (2018) 5236 final, do 30 de xullo de 2018; prevé na ficha correspondente á medida 19 (Leader) a tramitación de subvencións a través das estratexias de desenvolvemento local elaboradas polos GDR.
- 3- Neste contexto, a Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en diante, a Agader), mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 publica o Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 10 de febreiro de 2016, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección (*DOG* nº 42, do 2 de marzo).
- 4- Ao abeiro das bases reguladoras citadas no parágrafo anterior, mediante Acordo do Consello de Dirección da Agader, do 16 de novembro de 2016, seleccionáronse 24 estratexias de desenvolvemento local presentadas por outras tantas asociacións que obtiveron o recoñecemento de GDR como entidades colaboradoras de Agader na xestión da medida Leader.
- 5- A colaboración entre a Agader e os GDR na xestión da medida Leader regúlase, conforme ao previsto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG. *DOG* nº 121, do 25 de xuño), mediante o convenio de colaboración que o Consello da Xunta autorizou o 4 de agosto de 2016 e as partes asinaron o 13 de decembro de 2016.
- 6- A cláusula 10ª dos convenios de colaboración establece, para cada GDR, unha dotación financeira máxima por anualidades dos gastos en custes correntes e en animación e promoción territorial e sinálase nesta mesma cláusula que lle corresponde á Agader a autorización anual do orzamento máximo que disporá cada GDR, logo da súa solicitude correspondente, para gastos correntes (submedida 19.4A) e para animación (submedida 19.4B). En concreto, cada anualidade, Agader emite unha resolución, para cada un dos 24 GDR, pola que se concede unha axuda para gastos correntes (submedida 19.4A) e se autoriza un importe máximo para gastos en animación, os cales son obxecto de expedientes de concesión de axuda de xeito individualizado e a



posteriori, en función dos proxectos que cada GDR vaia presentando e sexan aprobados pola Agader.

En concreto, os importes máximos previstos, por cada GDR e que se recollen nas citadas cláusulas 10ª dos distintos convenios de colaboración asinados con cada GDR, correspondentes á submedida 19.4 (gastos en custes correntes e en animación) son os seguintes:

Número GDR	Denominación do GDR	IMPORTE PREVISTO EN 2020
01	Asociación Terras de Miranda	170.499,47
02	Asociación de Desenvolvemento comarcal de Terra Chá	226.789,95
03	Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais	264.030,62
04	Asociación para o Desenvolvemento Rural da comarca de Lugo	173.237,68
05	Asociación Miño Ulla	198.733,98
06	Asociación de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel	248.555,50
07	Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras	202.063,22
08	Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil Bibei Navea	257.505,97
09	Asociación Monteval	195.772,80
10	Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia Arnoia	217.053,18
11	Asociación de Desenvolvemento Rural Adercou	173.237,68
12	Asociación Carballiño Ribeiro	184.731,09
13	Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	170.499,47
14	Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural	172.417,92
15	Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra- Morrazo	178.306,83
16	Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra Norte	210.528,53
17	Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia	170.499,47
18	Asociación de Desenvolvemento Local Deloa	170.499,47
19	Asociación Terras de Compostela	170.499,47



20	Asociación de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo	185.048,96
21	Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes	171.263,56
22	Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte	192.978,91
23	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	179.126,59
24	Grupo de Desenvolvemento Rural Seitura 22	186.119,67
TOTAL		4.669.999,99

7. Segundo sinala a cláusula oitava, punto 5, dos Convenios de Colaboración asinados entre a Agader e os GDR, a Agader, unha vez emitidas as resolucións de concesión de axuda correspondentes aos gastos correntes por cada GDR, irá pagando os gastos nos que incorran os GDR a medida que estes os vaian xustificando. En concreto, no caso de solicitude do GDR, poderá concederse un anticipo de ata o 50% do orzamento dispoñible en cada anualidade, unha vez xustificadas os gastos en custes correntes da anualidade anterior. En calquera caso, os gastos poderán ser xustificadas mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

8- En canto ao fundamento da necesidade de continuar con este procedemento durante o vixente estado de alarma, pola súa vinculación co interese xeral e co funcionamento de servizos básicos, cómpre salientar que neste momento de emerxencia social e sanitaria, cunhas consecuencias económicas aínda por determinar, é máis importante que nunca facer un esforzo por continuar apoiando o mantemento da rede e do tecido asociativo despregado por todo o rural galego que conforman os GDR, como mecanismo para pulsar a realidade do territorio e tratar de manter activos, ou reactivar os proxectos socioeconómicos. Todo o isto co fin de apuntalar un xa moi consolidado, por anos de experiencia, enfoque abaixo-arriba, dinámico e enraizado no rural, labor na cal os GDR xogan un papel fundamental como axentes dinamizadores do territorio, polos seus coñecementos e proximidade territorial.

Para seguir funcionando, os GDR necesitan o financiamento de certos gastos fixos, como son as nóminas do persoal dos equipos xestores, os gastos relativos ás súas respectivas sedes (alugamento, gastos correntes en auga, electricidade, internet, telefonía, etc...), subministracións exteriores, etc..

Ao anterior hai que engadir a necesidade de continuar coa xestión da submedida 19.2 (implementación de operacións con cargo ás estratexias dos GDR) do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, que conta con cofinanciamento FEADER xa aprobado ata o ano 2021 (inclusive), co fin de acadar ou cando menos aproximarse aos resultados esperados, tanto en termos de execución financeira como de indicadores e impacto do programa, que constitúe un pilar fundamental para o desenvolvemento do territorio rural galego, que nestes momentos xoga un papel fundamental como provedor de materias primas e servizos básicos indispensables para a sociedade.



9.- A distribución dos fondos correspondentes a cada GDR, entre as submedidas 19.4A (gastos correntes) e 19.4B (animación e promoción territorial) da medida LEADER, que debe realizar anualmente a Agader deriva dos convenios asinados o 13 de decembro de 2016 entre a Agader e cada GDR.

Tendo en conta os antecedentes, os fundamentos legais expostos e que a competencia para resolver sobre as cuestións relacionadas coa medida LEADER lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto),

RESOLVO:

Continuar co procedemento de distribución dos fondos correspondentes aos gastos de funcionamento dos GDR con cargo á anualidade 2020, por resultar indispensable para o mantemento das entidades colaboradoras na xestión das axudas correspondentes á medida 19 (LEADER), que inclúen a tramitación dos expedientes de animación e promoción do territorio correspondente a cada GDR.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Un recurso potestativo de reposición perante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.
- Un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación (art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). Non se poderá interpoñer este recurso ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 123 da Lei 39/2015).

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas en cumprimento dos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015.

Publíquese esta resolución na páxina web da Agader.

Santiago de Compostela,
O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)
Miguel Ángel Pérez Dubois.

